



## **BASES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA TRACTORISTAS**

### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a constitución dunha Bolsa de Emprego Público temporal na categoría de Tractorista do Concello de Negueira de Muñiz, como funcionario interino, aos efectos de cubrir as eventuais necesidades de persoal que puideran xurdir por ausencias de persoal debido a incapacidade temporal, permisos ou licenzas do traballador que na actualidade realiza a limpeza e desbroce do viario municipal, retirada de neve, etc, ou, excepcionalmente, para atender a servizos temporais extraordinarios, estacionais ou urxentes que non podan prestarse co persoal existente.

### **2.- XORNADA LABORAL.**

Será de 37 horas e 30 minutos semanas, de luns a domingo, cos descansos establecidos pola lexislación vixente.

### **3.- SISTEMA DE PROVISION.**

Concurso-oposición

### **4.- REQUISITOS XERÁIS DOS/AS ASPIRANTES**

Para ser admitido a esta convocatoria os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- 1) Ser español ou nacional dos demais estados membros da unión Europea. Asemade, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou nacionais doutros estados membros da unión europea, sempre que non estean separados de dereito; e os seus descendentes e os do cónxuxe, menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.
- 2) Non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- 3) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administración públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- 4) Estar en posesión do carné de conducir B
- 5) Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas agás nos casos en que sexan incompatibles co normal desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza á que se opte. Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais





participantes.

- 6) O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, –Celgal–, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará o aspirante. Esta proba consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego, na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

## 5.- PUBLICIDADE

Estas bases publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Negueira de Muñiz ([www.concellodenegueira.es](http://www.concellodenegueira.es)), previa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP Lugo).

## 6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia que se facilitará nas oficinas municipais, e irán acompañadas de fotocopia do DNI, vida laboral e tarxeta de demandante de emprego. Estas presentaranse no Rexistro Xeral de entrada de documentos do Concello de Negueira de Muñiz durante un prazo de **cinco (5)** días hábiles, que serán contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo. Ademais, achegarase o xustificante de pago na conta bancaria ES03 0238 8161 6606 6000 0173 da taxa de 10 €, segundo o disposto pola Ordenanza fiscal núm. 6, reguladora da taxas pola expedición de documentos administrativos, no seu epígrafe quinto punto 4º (BOP nº 187, do 17 de agosto de 2011), xunto coa seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade
- Declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que se aducen.

Malia o anterior, aqueles que poidan acreditar a súa condición de “desempregado” mediante a presentación da “Tarxeta de demandante de emprego” obterán unha bonificación do 50% na taxa anteriormente citada, polo que deberán aboar soamente 5 €, todo elo consonte o reflectido na modificación da Ordenanza aprobada no Pleno Municipal celebrado o 29 de setembro de 2015 (BOP Nº 227, de 20 de decembro de 2015)

Tamén se poderán presentar as solicitudes na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de cinco días hábiles, aprobando a lista de persoas admitidas e excluídas — coa mención expresa dos motivos de exclusión—. Esta resolución publicárase no taboleiro de edictos da corporación e na web municipal ([www.concellodenegueira.es](http://www.concellodenegueira.es)). A mencionada lista elevarase a definitiva polo transcurso do prazo para reclamacións, se non as houberse; no caso contrario, exporase de novo a lista definitiva na mesma forma que a anterior. O prazo para presentar





alegacións establécese en dous días hábiles A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo salvo que así o acorde a Alcaldía.

## 7.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso - oposición, e consistirá na realización dunha proba práctica que verse sobre os traballos que os candidatos seleccionados terán que realizar; unha teórica, tipo test, e a valoración da formación e experiencia profesional acadada polos candidatos. A suma final das valoracións de tódalas probas seguirá unha escala do 1 ó 20, sendo o 20 a nota máis alta. Aqueles que obteñan unha cualificación inferior a dez serán declarados como “non aptos” e, polo tanto, non poderán ser incluídos na bolsa de emprego. Tamén serán declarados non aptos os que non obteñan na proba práctica unha cualificación inferior a 5 puntos.

### 7.1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL (Puntuación máxima 4,00 puntos):

1. Por servizos prestados na mesma categoría á do posto ó que se opta.....0,20 ptos/mes completo.

Non se computarán períodos de tempo (fraccións) inferiores a 1 mes.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

### 7.2.- FORMACIÓN (Puntuación máxima: 2,00 puntos):

7.3.1.- CURSOS: Valoraranse os coñecementos extra-académicos adquiridos en cursos monográficos.

1. Cursos de máis de 50 horas: 0,20 puntos/curso
2. Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,10 puntos/curso
3. Cursos de menos de 20 horas: 0,05 puntos/curso

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas e puntuarase, por tanto, con 0,05 puntos por curso. So se valoraran aqueles cursos que fosen impartidos ou refrendados por Administracións Públicas.

### 7.3.- PROBA PRÁCTICA (Puntuación máxima: 10 puntos)

- Proba práctica, con carácter eliminatorio: Versará sobre a realización de diversas manobras co tractor, en tarefas de roza de matogueira, e/ou coa cuña quitaneve. A duración da proba será de 15 minutos.

### 7.4.- PROBA TEÓRICA (Puntuación máxima: 4 puntos)

- Exame teórico: Exame tipo test de 10 preguntas relacionadas co manexo e mantemento do tractor, desbrozadora de brazo e de arrastre, camión e cuña quitaneve, así como co coñecemento da rede viaria municipal de Negueira de Muñiz. O tempo máximo para a súa resolución será de 15 minutos.

En caso de empate na puntuación final, resolverase o mesmo en favor do aspirante que obtivese





maior puntuación na proba práctica. Si persiste o empate, a favor do que obtivera mellor puntuación na proba teórica. De persistir o empate, este resolverase por sorteo público.

## 8.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador estará composto por cinco membros (Presidente, Secretario e tres vogais). Poderán formar parte de dito tribunal persoal do Concello de Negueira de Muñiz, da Xunta de Galicia, da Excm. Deputación Provincial de Lugo ou doutros organismos públicos que cumpran a lexislación vixente para este fin.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

## 9.- RELACIÓN DE APROBADOS E ACREDITACIÓN DE REQUISITOS ESIXIDOS

Una vez terminada a avaliación dos aspirantes e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello [[www.concellodenegueira.es](http://www.concellodenegueira.es) ] e no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión.

Posteriormente, vistas e informadas as alegacións que no seu caso se presentaran, elevarase á Alcaldía a acta do proceso selectivo para que se aprobe a constitución da bolsa coa orde de prelación definitivo de aspirantes, que deberá publicarse na sede electrónica do Concello, onde deberá permanecer actualizada. Cando os candidatos sexan requiridos para a súa contratación, chegarán ante o Concello a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non ser separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración responsable de non desempeñar posto de traballo retribuído en calquera Administración Pública, nin actividade privada suxeita a recoñecemento de compatibilidade, conforme a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

As propostas de nomeamento serán adoptadas polo órgano competente a favor dos aspirantes segundo a orde de prelación da relación de persoas aprobadas. Se o aspirante ao que lle correspondese o nomeamento non fose nomeado, ben por desestimento ou por non reunir os requisitos esixidos, convocarase ao seguinte candidato que superase o proceso de selección.

Negueira de Muñiz, a 16 de febreiro de 2022

O Alcalde-Presidente, José Manuel Braña Pereda

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

